

A D.O. Ribeira Sacra recibe este xoves ao cento de persoas que participan na XXIV Asemblea Xeral da CECRV

Entre o **24 e o 26 deste mes** a D.O. Ribeira Sacra acolle a celebración da **XXIV Asemblea Xeral da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas**. A Asemblea na que participará representación de 98% da produción nacional do viño con Denominación de Orixe en España, celebrarase o 25 de outubro entre as 10.00 e as 13.30; pero os participantes chegan o día 24 á Ribeira Sacra.

Ás 20.00 do día 24 celebrarase a **recepción de participantes** no Hotel Oca Augas Santas de Pantón para, posteriormente, celebrar unha cea de benvida. A **Asemblea**, que comezará ás 10.00 da mañá do día 25 na casa da cultura, Lois Pereiro, de Monforte, terminará cara ás 13.30 e estará seguida de **Rolda de prensa** na que abordar os temas tratados. Ás 14.15 os membros da CECRV trasladaranse á adega Regina Viarum, onde se celebrará un xantar, seguido de visita a adega. Ás 17.00 comeza a **viaxe en catamarán polo canón do Sil** para terminar no Parador de Santo Estevo de Nogueira de Ramuín con visita e cea.

As actividades que organiza a **D.O. Ribeira Sacra** con motivo desta XXIV Asemblea, complétanse o día 26 de outubro. Os participantes comezarán ás 10.00 un roteiro de sendeirismo por parte do **Camiño de Inverno na Ribeira Sacra**. Comezase en Diomondi e iníciase ruta ata a adega Vía Romana; podendo facer tamén parada, quen o desexe, no embarcadoro de Belesar.

No 2010, a **D.O. Ribeira Sacra** acollera a Asemblea da CECRV, aproveitando para promocionar e divulgar os recursos turísticos de Galicia e Ribeira Sacra, coincidindo co Ano Santo. Nesta ocasión, a Ribeira Sacra está inmersa na súa declaración como **Patrimonio da Humanidade** pola UNESCO e con esta celebración espérase seguir cultivando apoios, neste caso do sector do viño con D.O. en España.

A **Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)** é a asociación sen ánimo de lucro que representa ás Denominacións de Orixe de viño ante as administracións en España e as institucións en Europa. Recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como interlocutor da Administración en materia de figuras de calidade. CECRV forma parte tamén da European Federation of Origin Wines (EFOW), xunto ás organizacións que representan a Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas do resto de grandes países produtores europeos (Francia, Italia e Portugal).